

4. Fondo Social Europeo Plus (FSE+)

"Investir nas persoas"

4.1. Definición e obxectivos

O Fondo Social Europeo Plus (FSE+) é o principal instrumento da Unión Europea para investir nas persoas, promovendo a formación, o acceso ao emprego de calidade, a inclusión social e a igualdade de oportunidades.

Obxectivo principal: garantir que todas as persoas —independentemente da súa idade, sexo, orixe ou situación social— teñan a posibilidade de formarse, acceder ao mercado laboral e vivir con dignidade, contribuíndo á erradicación da pobreza e da exclusión social.



EXERCICIO

En que medida pensas que este investimento social pode contribuír a unha mellora da calidade de vida do conxunto do país?

Consideras que son necesarias as políticas de mellora do emprego ou xa non son precisas en Galicia? Saberías dicir cal é a taxa de desemprego actual en Galicia?

É máis elevada ca taxa de desemprego na Unión Europea? E con respecto á media de España?

Pensas que os datos de desemprego son iguais para homes e mulleres? E para a mocidade? Hai máis desemprego na poboación moza? Como pensas que inflúe o nivel educativo no desemprego?

Fontes:

IGE, INE. Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030


Diagnose do Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030

4.2. Quen se beneficia e quen o xestiona

En Galicia, a coordinación da xestión do FSE+ correspóndelle á Consellería de Facenda e Administración Pública, a través da Dirección Xeral de Cohesión Fondos Europeos. Esta entidade coordina as diferentes consellerías implicadas e encárgase do seguimento, control e avaliación dos resultados obtidos.

Principais colectivos de persoas beneficiarias:

- **Mozos e mozas desempregados/as:** a través de programas de formación, bolsas, prácticas en empresas (como o Xuventude Mentoring) ou axudas para o autoemprego.
- **Mulleres:** con especial atención ás que desexan emprender, as que se atopan en situación de especial vulnerabilidade, vítimas de trata e explotación sexual.
- **Persoas con discapacidade:** mediante medidas para a inserción laboral e o apoio social.
- **Nenos e nenas, persoas en situación de vulnerabilidade e resto de persoas en risco de exclusión social:** a través de programas de atención temperá para promover a autonomía persoal de menores de 0 a 6 anos con trastornos no seu desenvolvemento e para o resto de persoas desfavorecidas, a través de itinerarios integrados de inclusión social.
- **Estudantes:** bolsas para continuar os estudos (ex. bolsas predoutorais ou programas europeos, como mellora da diversificación curricular e atención á diversidade, mellora dos ciclos de formación profesional...).
- **Emigrantes retornados:** mediante programas como a oficina móbil de atención ás persoas emigrantes retornadas.
- **Persoas menores de 30 anos** que queiran iniciar unha actividade como autónomos/as, reciben apoio específico.



EXERCICIO

Pensaches algunha vez na cantidade de galegos e galegas que tiveron que emigrar no século pasado? Busca os lugares onde emigraron e valora a importancia destas iniciativas que axudan aos emigrantes a retornar a Galicia. Podes botarlle un ollo o artigo 7 do Estatuto de Autonomía. De que trata?

4.3 O FSE+ en Galicia

O FSE+ mobilizará en Galicia durante o período 2021-2027 un total de 448,6 millóns de euros de axuda comunitaria, e 738,4 M€ de coste total, dentro dun orzamento global de 99.000 millóns de euros para toda a Unión Europea. Estes fondos permitirán desenvolver as súas actuacións, que se estruturan nas seguintes prioridades de intervención:

- Emprego, adaptabilidade, emprendemento e economía social.
- Inclusión social e loita contra a pobreza.
- Educación e formación.
- Emprego xuvenil.
- Garantía infantil.
- Accións sociais innovadoras.

Sabías que...?

Ata finais de 2025, case 100.000 persoas resultaron beneficiarias en Galicia dos programas e actuacións do FSE+ desenvolvidos no marco do Programa Galicia FSE+ 2021-2027.

O FSE+ ten como obxectivo alcanzar altos niveis de emprego, unha protección social xusta e unha forza laboral cualificada e resiliente, así como sociedades inclusivas e cohesionadas orientadas a erradicar a pobreza.

En resumo, o FSE+ busca asegurar que todas as persoas poidan formarse, traballar e vivir con dignidade, sexa cal sexa a súa situación persoal ou lugar de residencia.

Prioridade: Emprego, Adaptabilidade, Emprendemento e Economía Social

A través desta prioridade impúlsanse diferentes programas orientados a fomentar o emprego de calidade, a mellorar a capacidade de adaptación das persoas traballadoras e a promover o emprendemento, con especial atención aos colectivos con maiores necesidades de apoio. Entre as principais actuacións destacan:

A) Programas de apoio ao emprego autónomo

Iniciativas dirixidas a facilitar o inicio dunha actividade empresarial ou a súa modernización, mediante axudas económicas, asesoramento e formación específica para persoas traballadoras autónomas.

B) Microcredenciais en competencias dixitais especializadas, tecnoloxías limpas e biotecnoloxías

Orientadas á recualificación e á actualización das competencias da poboación activa en Galicia, co obxectivo de dar resposta aos obxectivos definidos no Regulamento da Plataforma de Tecnoloxías Estratéxicas para Europa (STEP). En concreto, preténdese dotar as persoas traballadoras de empresas pertencentes a sectores clave das capacidades necesarias para afrontar os retos asociados a estas tecnoloxías.

C) Fomento do emprendemento feminino (Programa EMEGA)

Programa destinado a apoiar a creación, consolidación e mellora de proxectos emprendedores liderados por mulleres, a través de axudas económicas e servizos de acompañamento orientados a impulsar a súa participación no tecido empresarial galego.

D) Medidas de fomento da conciliación e corresponsabilidade en Galicia

Destinadas a apoiar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, como medida de fomento da corresponsabilidade das persoas da unidade familiar que exerciten o dereito á redución da xornada laboral, especialmente por parte dos homes, para o coidado dos seus fillos e fillas.

E) Apoio ás persoas emigrantes: Oficina Móbil de Retorno

Servizo específico orientado á diáspora galega que ofrece asesoramento, información laboral e acompañamento no proceso de retorno, facilitando o acceso a oportunidades de emprego e recursos para a reintegración social e profesional en Galicia.

Prioridade: Inclusión Social e Loita contra a Pobreza

Esta prioridade ten como finalidade mellorar as condicións de vida, a integración social e a inserción sociolaboral das persoas en situación ou risco de exclusión social. Entre as principais actuacións inclúense:

A) Apoio á inserción laboral de mulleres en situación de especial vulnerabilidade, vítimas de violencia de xénero así como a atención integral a mulleres que sofren explotación sexual e trata de persoas.

B) Mellora da inclusión sociolaboral de persoas en situación ou risco de exclusión social mediante accións de acompañamento, formación e apoio personalizado.

C) Reforzo do persoal para a valoración da discapacidade e a atención á saúde mental co obxectivo de mellorar a calidade e a axilidade dos servizos prestados.

D) Programas específicos para a atención integral de persoas sen fogar favorecendo a súa inclusión social e o acceso a recursos básicos de apoio e acompañamento.

EXERCICIO

Sabes cales son as principais magnitudes de pobreza en Galicia e en España (datos do Informe de 2024, presentado en outubro de 2025)?

Informe executivo sobre pobreza en Galicia:

<https://eapn-galicia.com/wp-content/uploads/2025/10/Estado-da-Pobreza-2025-RESUMO-EXECUTIVO.pdf>

Consideras que son necesarias as actuacións do FSE+ para a inclusión social das persoas desfavorecidas?

Prioridade: Educación e Formación

Fomento da educación e a formación ao longo da vida como ferramentas fundamentais para mellorar a empregabilidade, reducir as desigualdades e garantir a inclusión social e dixital en todo o territorio galego.

A) Axudas á formación predoutoral: actuacións orientadas a fomentar a investigación avanzada e a incorporación de novas técnicas e coñecementos, coa idea de promover a formación de persoal investigador altamente cualificado.

B) Programas de diversificación curricular e atención á diversidade co obxectivo de garantir a equidade educativa e á prevención do abandono escolar temperán.

C) Plan de capacitación e inclusión dixital da cidadanía: programa dirixido a promover as competencias dixitais da cidadanía, atendendo a todos os grupos de idade e situacións socioeconómicas, co obxectivo de reducir a fenda dixital.

D) Cursos gratuítos de alfabetización dixital e competencias TIC: accións formativas que lles permiten ás persoas desempregadas ou en situación de vulnerabilidade adquirir habilidades dixitais básicas para mellorar a súa empregabilidade.

E) Proxectos de inclusión e tecnoloxía educativa nos centros: iniciativas vinculadas á inclusión e á innovación tecnolóxica nos centros educativos, como o programa Talentos Inclusivos, que conectan o alumnado con proxectos en ámbitos STEM e con tecnoloxías orientadas á inclusión social e educativa.



EXERCICIO

Reflexiona: en que medida unha mellora continua da túa formación será beneficiosa para a túa persoa? E para atopar un emprego mellor?

Prioridade: Emprego Xuvenil

Impúlsase a empregabilidade da xuventude galega mediante programas de formación, mentoría e prácticas en empresas, favorecendo a súa transición á vida laboral.

As actuacións céntranse no desenvolvemento de competencias profesionais, dixitais e emprendedoras, co obxectivo de reducir o desemprego xuvenil e fomentar a mobilidade laboral.

A) Xuventude Mentoring – Transición ao emprego: proxecto cofinanciado polo FSE+ que ofrece orientación profesional, mentoría e prácticas remuneradas en empresas, facilitando a adquisición de experiencia laboral e a inserción no mercado de traballo.

B) Programas mixtos de formación e emprego: cursos que combinan formación teórica con actividade laboral en postos produtivos, permitíndolles ás persoas mozas adquirir cualificación profesional e experiencia práctica.

C) Prácticas formativas en países europeos ou en Galicia (GALEUROPA): realización de prácticas formativas non retribuídas en empresas/entidades públicas ou privadas de países europeos.

Prioridade: Garantía Infantil

Esta prioridade busca garantir o benestar infantil mediante actuacións de atención temperá, apoio ás familias, fomento do acollemento familiar e desenvolvemento de programas terapéuticos especializados para menores en situación de vulnerabilidade.

A) Servizo de atención temperá (0-6 anos): atención especializada dirixida a menores con necesidades específicas, co obxectivo de favorecer o seu desenvolvemento integral e a súa inclusión social e educativa.

B) Programa de Integración e Preservación Familiar: actuacións de apoio ás familias para garantir a estabilidade familiar e a prevención de situacións de risco social.

C) Promoción do acollemento familiar: iniciativas destinadas a fomentar o acollemento familiar de menores en situación de vulnerabilidade, garantindo un contorno seguro e estable para o seu desenvolvemento.

D) Tratamento terapéutico de menores: programas especializados dirixidos a cubrir as necesidades emocionais, psicolóxicas e sociais dos menores, contribuíndo ao seu benestar e á súa integración social.

Prioridade: Accións Sociais Innovadoras

Impúlsanse accións sociais innovadoras orientadas a promover a inclusión, a igualdade e o benestar das persoas en situación de vulnerabilidade en Galicia. Estas iniciativas buscan mellorar a eficacia das políticas sociais mediante o desenvolvemento de proxectos pioneiros adaptados ás necesidades locais e co apoio do FSE+.

A) **Iniciativa ALMA:** programa que promove prácticas laborais en países da Unión Europea dirixidas á mocidade en situación de vulnerabilidade, co obxectivo de favorecer a súa inserción sociolaboral e a adquisición de experiencia internacional.

B) **Estratexia de desenvolvemento emocional e promoción da saúde mental:** actuacións orientadas ao acompañamento emocional, á concienciación e promoción da saúde mental dos adolescentes e persoas adultas novas, así como á atención comunitaria das persoas con trastorno mental grave.



Se queres saber máis do Fondo Social Europeo podes entrar nas seguintes páxinas:

<https://fondoseuropeos.xunta.gal/inicio>

<https://fondoseuropeos.xunta.gal/periodo-2021-2027/fse>

<https://fondoseuropeos.xunta.gal/documents/d/fondos-europeos/triptico-informativo-programa-fse-galicia-21-27-2>

<https://emprego.xunta.gal/portal/es/emprendedores-y-autonomos.html>